

BASES

PRIMEIRA.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

É obxecto da presente convocatoria cubrir en réxime de internidade unha praza de encargado de Protección Civil por atoparse en situación de incapacidade laboral transitoria a seu titular, ata a reincorporación da mesma, por concurso-oposición

SEGUNDA.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES

1. Para seren admitidos á realización das probas selectivas os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

- a) Ser español ou posuír a nacionalidade de calquera dos Estados membros da Unión Europea ou a dalgún dos Estados aos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores nos termos definidos no Tratado Constitutivo da Unión Europea, en virtude dos Tratados Internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, todo elo nos termos do artigo 57 do Estatuto Básico do Empregado Público.
- b) Ter cumpridos os 16 anos de idade, e non superar a idade máxima de xubilación.
- c) Estar en posesión de graduado en educación secundaria obrigatoria ou equivalente, ou en condicións de ontelo na data de finalización do prazo de admisión de instancias
- d) Non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións.
- e) Non ter sido separado do servizo de ningunha Administración Pública en virtude de expediente disciplinario nin atoparse inhabilitado, por sentenza firme, para o exercicio das funcións públicas.
- f) Estar en posesión do permiso de conducir tipo C.

2. Todos os requisitos esixidos no apartado anterior deberán posuílos os aspirantes no día de remate do prazo para a presentación de solicitude e conservalos, ao menos, ata a data do seu nomeamento como persoal laboral, no seu caso.

TERCEIRA.- SOLICITUDES

1. As persoas que desexen tomar parte nas probas selectivas convocadas deberán facelo constar mediante instancia dirixida ao Sr. Alcalde do Excmo. Concello de A Estrada. A instancia conterá, a lo menos, os datos persoais do solicitante coa súa dirección e a denominación da praza convocada á que ópta e farase constar, expresamente, que se reúnen todas e cada unha das condicións esixidas na Base Segunda da convocatoria.

Poderase utilizar o modelo oficial que se xunta como Anexo II ás presentes Bases.

2. As instancias dirixiranse ó Ilmo Sr. Alcalde-Presidente deste Concello, e serán presentadas no Rexistro Xeral do Concello no prazo de cinco días, para o que se publicará o correspondente anuncio en dous diarios de gran difusión.

Para seren admitidos a tomar parte na convocatoria, deberán acompañar, coa instancia, a seguinte documentación compulsada:

- a) Fotocopia do D.N.I.

b) Fotocopia do carne de conducir tipo C

c) Certificado acreditativo do coñecemento da lingua galega, de posuído (Celga 3, Iniciación, Certificado de Escola de Idiomas ou equivalente)

d) Xustificante do pagamento das taxas de inscrición (a cantidade a aboar serán 10,00 euros os cales serán pagados na Tesourería municipal ou a través do seguinte número de conta bancario: BBVA (0182 6246 32 0200360191); no xustificante de ingreso terá que figurar o DNI do candidato á praza.

e) Méritos

Segundo a ordenanza fiscal nº 6, reguladora da taxa por expedición de documentos administrativos, nos procedementos de selección de persoal, non será esixible o pagamento polos conceptos “Dereitos de exame” e “Compulsas” ás persoas desempregadas que figuren como demandantes de emprego, sempre que así o acrediten por medio de certificación emitida polo Instituto Nacional de Empleo ou servizo homólogo da Comunidade Autónoma

3. A presentación de solicitudes poderán facerse ben no Rexistro Xeral do Concello de A Estrada ou ben en calquera das formas establecidas no artigo 38,4 da Lei 30/1992, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común; as solicitudes que se presenten a través da Oficina de Correos deberán entregarse nun sobre aberto para ser selada e datada polo funcionario de correos antes de ser certificada.

4. Os aspirantes quedan vinculados aos datos que fixeron constar na solicitude, se ben os erros de feito que poidan advertirse poderán subsanarse ou repararse en calquera momento ben de oficio, ben a instancia de parte.

CUARTA.- ADMISIÓN DOS ASPIRANTES

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes publicarase a relación de admitidos e excluídos na páxina web do Concello e no taboleiro de anuncios. Será causa de exclusión a non presentación da documentación preceptiva do apartado 3 das presentes Bases. Neste mesmo acto publicarase a data da celebración do exercicio obrigatorio.

Os aspirantes excluídos, poderán no prazo de 3 días, subsanar ou enmendar, no seu caso, o defecto que fora motivo da exclusión.

QUINTA.- TRIBUNAL CUALIFICADOR

O Tribunal cualificador desta oposición estará integrado polos membros que de seguido se relacionan:

Presidente:

Titular: D. Ramón Brea Villaverde (Enxeñeiro Técnico Agrícola do Excmo. Concello da Estrada)

Suplente: Dna. Julio Fontaiña Couso (Tesoureiro do Excmo. Concello da Estrada)

Secretario:

Titular: Dna. María Jesús Fernández Bascuas (Administrativo de Administración Xeral do Excmo. Concello da Estrada)

Suplente: Dna. Mónica Cardona Constenla (Auxiliar Administrativo do Excmo. Concello da Estrada)

Vogais:

Titular: D. Manuel Regueiro Carbia (Auxiliar Administrativo de Administración Xeral do Excmo. Concello da Estrada)

Suplente: Dna. Mónica Neira Mato (Arquitecta Municipal do Excmo. Concello da Estrada)

Titular: D. Miguel Durán Constenla (Conductor do Excmo. Concello da Estrada)

Suplente: D. Jesús María Rey Rilo (Conductor do Excmo. Concello da Estrada)

Titular: Dna. Maria Herminia Porto Valcárcel (Administrativa da Administración Xeral do Excmo. Concello da Estrada)

Suplente: Dna. Paula Yebra Rovira (Administrativa da Administración Xeral do Excmo. Concello da Estrada)

Todos os membros dos Tribunais, deberán posuir a titulación ou especialización igual ou superior á existencia para o acceso á praza convocada e terán voz e voto.

Os membros dos Tribunais deberán absterse de intervir, comunicandoo ao Sr. Alcalde cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 28 da Lei 30/92, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, así como cando realizaran tarefas de preparación de aspirantes durante os cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria, para o mesmo corpo e especialidade.

Así mesmo os aspirantes poderán recusar aos membros do Tribunal cando nos mesmos conorra algunha das circunstancias previstas para a abstención e de conformidade co establecido no artigo 29 da Lei 30/92. Unha vez constituído o Tribunal tamén poderán incorporarse os outros vocais titulares que non concorreran á sesión constitutiva e, no seu caso, os suplentes.

Os membros do Tribunal que asistan ás sesións do mesmo, percibirán dietas pola súa asistencia na contía legalmente establecida, sen prexuízo dos traballos previos de asistencia técnica que poidan realizar os asesores que tamén serán compensados na forma legalmente establecida.

SIXTA.- COMEZO DOS EXERCICIOS

1. A data e hora na que deberá constituirse o Tribunal será determinada pola Alcaldía, xuntamente coa aprobación da lista definitiva de admitidos e a data da celebración do exercicio obrigatorio, a cal publicarase mediante anuncio no Taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web deste Concello.

2. Os aspirantes serán convocados para cada exercicio en chamamento único, quedando decaídos no seu

dereito os opositores que non compareceran a realizalo, salvo os casos debidamente xustificados que serán resoltos motivadamente polo Tribunal.

3. Os aspirantes deberán presentarse para a realización de cada exercicio provistos do D.N.I, ou documento fidedigno acreditativo da súa personalidade a xuízo do Tribunal, así como dos medios materias adecuados e necesarios para a práctica dos mesmos.

SÉTIMA.-DESENVOLVEMENTO DOS EXERCICIOS DAS PROBAS SELECTIVAS.

1. En calquera momento o Tribunal poderá requirir aos opositores para que acrediten a súa identidade.

2. A orde de actuación dos opositores para a realización daqueles exercicios que non poidan facerse de xeito simultáneo, comezará polos que o primeiro apelido corresponda coa letra que determine a Resolución da Consellería de Presidencia, Relacións Intitucionais e Administración Pública para o ano de celebración dos exercicios.

3. Se en calquera momento do proceso selectivo chegara coñecemento do Tribunal que algún dos aspirantes non posúe a totalidade dos requisitos esixidos na respectiva convocatoria, previa audencia do interesado, deberá propoñer ao Sr. Alcalde a súa exclusión indicando as inexactitudes ou falsidades observadas ós efectos procedentes.

4. Concluindo o exercicio obrigatorio o Tribunal fará pública, no Taboleiro de Anuncios, a relación de aspirantes que o superaran con indicación da puntuación obtida.

Os opositores non incluídos na lista terán a consideración de non aptos.

OITAVA.- COMEZO E DESENVOLVEMENTO DAS PROBAS SELECTIVAS

FASE DE CONCURSO (PREVIA Á OPOSICIÓN)

O máximo de puntos que se pode obter na fase de concurso non poderá ser superior a 8,00. O tribunal valorará os méritos alegados e xustificados documentalmente polos aspirantes conforme ao seguinte baremo:

1. Méritos profesionais. Por cada mes completo de servizos prestados en calquera das Administracións Públicas en praza ou posto de igual ou similar contido ao que se opta: 0,10 puntos.

A estes efectos non se computarán servizos que fosen prestados simultaneamente con outros igualmente alegados e reduciranse proporcionalmente os prestados a tempo parcial.

2. Cursos, seminarios, congresos, xornadas. Participar en actividades formativas, sempre que se atopen relacionadas coas funcións a desenvolver e organizados, ben por unha Administración Pública ou unha Universidade:

- Por cursos de 10 a 20 horas de duración: 0,10 puntos
- Por cursos de 21 a 40 horas de duración: 0,20 puntos

- Por cursos de 41 a 100 horas de duración: 0,30 puntos
- Por cursos de máis de 100 horas de duración: 0,50 puntos

Os cursos nos que non se exprese duración ningunha serán valorados coa puntuación mínima. Na acreditación de seminarios permanentes que duren un curso lectivo deberán especificarse o número de horas, no caso contrario valoraranse coa puntuación mínima.

No suposto de que a duración do curso se exprese en días, establécese unha equivalencia de 5 horas por cada día de curso.

3. Outros méritos. Estar en posesión de:

- Ciclo Medio de Técnico en Transporte Sanitario: 2 puntos

A documentación que haberá de presentarse para xustificar os méritos que se alegan para a súa valoración conforme ao baremo indicado será a seguinte en cada caso:

A experiencia profesional en praza ou posto de igual contido no ámbito da Administración Pública xustificarase: presentando certificación expedida pola Secretaría ou calquer outro órgano da Administración con competencias en materia de persoal, onde constarán os seguintes datos:

- Denominación dos postos de traballo que desempeñaran con expresión do tempo que os ocupara.
- Relación xurídica que mantivo ou mantén no desempeño dos postos coa Administración.

Para acreditar que se ocupa ou se ocupou praza ou posto de igual ou similar contido, cando non coincidan a denominación dos que se ocuparan co da praza á que se opta, o interesado haberá de achegar certificado no que consten as funcións desenvolvidas.

Para acreditar os méritos sinalados nos puntos 2 e 3 do baremo haberá de achegarse fotocopia compulsada dos documentos oficiais que os acrediten.

Os puntos obtidos na fase de concurso sumaranse á puntuación obtida na fase de oposición aos efectos de establecer a orde definitiva de aprobados. Estes puntos non poderán ser aplicados para superar os exercicios da fase de oposición. A puntuación máxima a outorgar nos anteriores apartados será a seguinte:

- Méritos profesionais: máximo 4 puntos
- Cursos e Seminarios, etc.: máximo 2 puntos
- Outros méritos: 2 puntos

A puntuación da fase de concurso farase pública antes do inicio da fase de oposición, e publicaráse no Taboleiro de Anuncios do Concello.

FASE DE OPOSICIÓN

PRIMEIRO EXERCIZO DE CARÁCTER OBLIGATORIO E ELIMINATORIO

Consistirá en contestar por escrito a un cuestionario tipo test de 60 preguntas con respostas alternativas baseadas no contido do programa da convocatoria durante un período de 80 minutos e determinado polo Tribunal, que se reunirá na data que se acorde no momento da súa constitución, aos efectos da elaboración do mesmo.

SEGUNDO EXERCIZO DE CARÁCTER OBRIGATORIO E ELIMINATORIO

Consistirá na realización dunha proba práctica sobre as funcións a desenvolver (primeiros auxilios, excarceración de vehículos, incendios, etc.), tendo en conta o temario que figura como Anexo I, e que será determinado polo Tribunal antes da súa realización.

PROBA DE GALEGO

Os aspirantes que non demostren o coñecemento da lingua galega a través do correspondente certificado (Celga 3, iniciación, certificado de escola de idiomas ou equivalente) terán que realizar obrigatoriamente unha proba específica que demostre tal coñecemento.

Quedarán exentos, asimismo, de realizar a proba específica os aspirantes que opten por realizar o exercicio obrigatorio na lingua galega. Os restantes opositores terán que realizar unha tradución do castelán ao galego, nun tempo máximo de 10 minutos. Serán cualificados como aptos os aspirantes que realicen a tradución completa no tempo indicado. No caso de non realizar a tradución completa serán considerados non aptos.

NOVENA.- CUALIFICACIÓN DOS EXERCIZOS DA OPOSICIÓN.

Cada un dos exercizos obrigatorios e eliminatorios da oposición, serán cualificados de 0 a 10 puntos (a excepción da proba de galego), sendo necesario para aprobar cada un dos exercizos e acceder ó seguinte obter unha puntuación mínima de cinco puntos.

A cualificación final virá determinada pola suma das cualificacións parciais obtidas polos aspirantes que foran superando todos e cada un dos sucesivos exercizos obrigatorios e eliminatorios, non computándose a fase de concurso a todos aqueles aspirantes que non superen a fase de oposición. A orde de colocación dos aspirantes na lista definitiva de aprobados establecerase de maior a menor puntuación.

DECIMA.-APORTACIÓN DE DOCUMENTOS POLO ASPIRANTE PROPOSTO, NOMEAMENTO E TOMA DE POSESIÓN.

O aspirante proposto presentará, dentro do prazo de vinte días naturais contados a partires da publicación da relación de aprobados, os documentos acreditativos de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria.

- Declaración xurada de non ter sido separado do servizo das Administracións Públicas e non estar incurso en algunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente.
- Certificado médico de non padecer enfermidade que inhabilite para o exercicio da función.

Dentro do prazo indicado, e agás os casos de forza maior, o aspirante proposto que non presente a súa documentación ou non reunise os requisitos esixidos, non poderá ser contratado e quedarán anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo das responsabilidades nas que incorrese por falsidade na instancia na que solicita tomar parte no concurso-oposición.

No prazo de un mes contado dende a notificación do nomeamento, o aspirante nomeado deberá tomar posesión de seu cargo. De non tomar posesión no prazo indicado, sen causa xustificada, que deberá ser alegada e aceptada, decaerá nos seus dereitos.

DECIMOPRIMEIRA.-CARÁCTER VINVLANTE DAS BASES

As bases xerais e específicas desta convocatoria vinculan á Administración Municipal, aos Tribunais cualificados e aos aspirantes que participen no proceso selectivo convocado.

DECIMOSEGUNDA.-INCIDENCIAS

O Tribunal deste proceso selectivo queda facultado para a interpretación das bases da convocatoria, así como para resolver cantas dúbidas e incidencias produza a súa aplicación, a cuxo efecto poderá adoptar los acordos necesarios procurando a boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.

DECIMOTERCEIRA.-RECURSOS

As presentes Bases e cantos actos administrativos se deriven delas, e da actuación do Tribunal, poderán ser impugradas polos interesados ante o órgano da xurisdicción contencioso-administrativa competente, conforme á Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contenciosa-administrativa, no prazo de dous meses, contados dende a data do día seguinte da última publicación destas. Asimismo, poderá presentarse recurso potestativo de reposición ante o Sr. Alcalde-Presidente, no prazo de un mes a contar dende a mencionada publicación, ou calquera outro recurso que se considere procedente, conforme ao establecido na Lei 30/92, do 26 de novembro, Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

ANEXO I – TEMARIO

1. A Constitución española de 1978. Estructura e contido. A súa garantía e suspensión.
2. Dereitos e deberes fundamentais na Constitución española.
3. As Comunidades Autónomas: Constitución e competencias. O Estatuto de Autonomía de Galicia: Estructura e Disposicións Xerais.
4. Organización e funcionamento da Administración Local. O Alcalde. Os Tenentes de Alcalde. O Pleno. A Xunta de Goberno Local. Potestade normativa: Regulamentos, Ordenanzas e Bandos.
5. O Termo Municipal.
6. Plan de Emerxencia municipal.

7. O accidente de tráfico: concepto, clases e elementos.
8. A Lei de Emerxencias de Galicia.
9. A Axencia Galega de Emergencias. Funcións dos Concellos de máis de 20.000 habitantes.
10. Incendios urbanos. Tipos.
11. Incendios forestais. Tipos.
12. Accidentes con vehículos implicados de transporte de mercaderías perigosas.
13. Axentes extintores.
14. Equipos de excarcelación. Material básico.
15. RCP instrumentalizada adultos. Atragamentos en adultos.
16. RCP instrumentalizada pediátrica. Atragamentos en pediátricos.
17. Politraumatizados.
18. Accidentes de múltiples vítimas.
19. Transporte de enfermos.
20. A Protección Civil no tráfico e seguridade vial.
21. Queimaduras, feridas e hemorragias.
22. Intoxicacións.
23. Lesións por axentes externos.
24. Lei 2/1985, de Protección Civil.
25. Coordinación dos servizos de emerxencia de protección civil.

A Estrada, 17 de marzo de 2014

O ALCALDE

Asdo. José C. López Campos

ANEXO II

MODELO INSTANCIA:

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA.

D.....con DNI Nº.....
con enderezo ene nº de teléfono
.....,V.S.;

EXPÓN:

Que enterado/da do anuncio da convocatoria para a substitución dunha encargada de Protección Civil por baixa por incapacidade laboral transitoria

Que reúno todas e cada unha das condicións esixidas nas Bases da convocatoria, a V.S.;

SOLICITA: Se lle admita á práctica das probas para a indicada selección.

A Estrada, a.....de de 2014